

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: OUTES
COMARCA: MUROS - NOIA
DATA: 2 DE XUÑO
LUGAR DE REALIZACIÓN: Restaurante Casa Amanda

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES (no momento de maior participación): 11
NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 6
NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: 2 de Outes, varios doutras localidades.

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSOAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Lola Pena (Ex-concelleira)

Representante Consello Nacional: Manu García (Responsable Comarcal)

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON: 11

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 1:40 horas

METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.):
Clásica, debate ao redor dunha mesa redonda.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.)

Tendo en conta que Outes é unha das localidades que máis danada quedou neste proceso de escisións e desercións dos últimos anos, é positivo contrastar que segue existindo un núcleo de simpatizantes que acreditan na

necesidade de organizarse ao redor da casa común do nacionalismo. Unha parte importante da reunión derivou na situación concreta do BNG en Outes, o que redundou en que dúas das persoas asistentes recolleran os seus datos nas fichas de afiliación para pasar a ser militantes da nosa Organización ao finalizar o acto. Así mesmo, recollemos positivamente a asistencia e a participación no debate dun militante de Compromiso por Galicia que segue acreditando na necesidade de crear unha fronte nacionalista na que deberían estar ambas organizacións.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)

CON CARÁCTER XERAL

Nos procesos electorais estamos a sofrer por que a sociedade non ve útil votar ao BNG.

O sindicalismo da CIG é o exemplo de que é posible facer fronte común na loita polos intereses do pobo galego.

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

O nacionalismo é necesario para o noso país, e debemos valorar se debemos seguir cas siglas do BNG ou mudar a un proceso de confluencia con outras forzas do país non dependentes. É necesario reconectar á xuventude co nacionalismo, que hoxendía non ven na nosa organización unha ferramenta útil. No momento actual de risco social debemos incidir no discurso social, desantendido pola nosa organización.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

Dentro da organización seguen a existir correntes que valoran a posibilidade de confluír co proxecto de En Marea. Avisan ademais de que de non retomar o debate do voto particular da última Asemblea Nacional, e non cunfluir, é posible que abandonen a organización máis pronto que tarde.

Por outro lado, varias persoas das asistentes entenden estas palabras como unha chantaxe, e que non se debe supeditar o proceso a unha ameaza dun sector discrepante da organización.

Debemos evitar que siga marchando xente da organización.

O problema actual non é que outras forzas nacionalistas ocupen o espazo do BNG, se non que o problema é que este espazo está sendo ocupado por forzas estatais.

Hai que traballar para refundar a organización e que este proceso non se quede nun cambio de caras inmovilista.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

A filosofía da organización debe ser acadar o poder, e para iso debemos refundar a organización na busca de aglutinar todo nacionalismo, coa diversidade existente, pero sen renunciar aos nosos principios ideolóxicos. Que o medo da perda da representación no Estado non nos obrigue a renunciar aos nosos principios.